

# Recursos literarios na obra poética de Ursula Heinze de Lorenzo

## *Literary Resources in Ursula Heinze de Lorenzo's Poetry*

**Amaya LORENZO HEINZE**

RWTH Aachen (Universidade de Aquisgrán)  
Amaya.Lorenzo.Heinze@Romanistk.RWTH-Aachen.de

[Recibido, xaneiro 2007; aceptado, febreiro 2007]

### **RESUMO**

Neste artigo analizo catro libros de poesía da escritora que teñen unha temática fundamentalmente galega. Nel fago referencia á súa visión de Galicia, ó papel importante da terra e do mar na súa obra e estudo o uso que fai dos recursos literarios (metáfora, aliteración, onomatopea e encabalgamento).

**PALABRAS CHAVE:** Literatura, poesía, crítica literaria, recursos poéticos.

LORENZO HEINZE, A. (2007): "Recursos literarios na obra poética de Ursula Heinze de Lorenzo". *Madrygal (Madr.)*, 10: 85-91.

### **RESUMEN**

En este artículo analizo cuatro libros de poesía de la escritora que tienen una temática fundamentalmente gallega. En él hago referencia a su visión de Galicia, al papel importante de la tierra y del mar en su obra y estudio el uso que hace varios recursos literarios (metáfora, aliteración, onomatopeya y encabalgamiento).

**PALABRAS CLAVE:** Literatura, poesía, crítica literaria, recursos poéticos.

LORENZO HEINZE, A. (2007): "Recursos literarios en la obra poética de Ursula Heinze de Lorenzo". *Madrygal (Madr.)*, 10: 85-91.

### **ABSTRACT**

In this article I analyze four of the writer's poetry books, the ones focussing on Galician subjects. I make reference to her particular vision of Galicia, to the importance of the land and the sea in her poems and I study the application of the different literary resources (metaphor, alliteration, onomatopoeia, enjambment).

**KEY WORDS:** Literature, poetry, literary criticism, literary resources.

LORENZO HEINZE, A. (2007): "Literary Resources in Ursula Heinze de Lorenzo's Poetry". *Madrygal (Madr.)*, 10: 85-91.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. A metáfora: figura inseparable da escritora. 3. Aliteración: musicalidade sonora natural. 4. Onomatopea: efecto susurrante. 5. O encabalgamento: necesidade voluntaria e anhelada. 6. Referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCCIÓN

A escritora Ursula Heinze de Lorenzo, nacida en Coloña (Alemaña) en 1941 e residente en Santiago de Compostela desde 1968, é autora de numerosas obras en galego (novelas, narracións, libros de entrevistas, literatura infantil e xuvenil, poesía e ensaios, traducións) e desde 1997 escribiu 27 libros de poesía en alemán, catro deles en edición bilingüe alemán-galego (*Credo* 1999; *Ambra*, 2001; *Torso* 2002; *Nadir*, 2005).

Nunha obra tan ampla, como se pode comprender, a temática é variada e nela manifesta o seu estado de ánimo, os seus anhelos, a súa nostalgia, a súa melancolía, a súa desesperanza mediante fermosas combinacións lingüísticas e artísticas. Nela aparecen os seus pensamentos íntimos, o amor, o desengano, a dor, a busca de si mesma, á referencia ó paso do tempo, a lembranza saudosa do pasado<sup>1</sup>, ó que non hai retorno, e ás veces confrontado co presente e co futuro<sup>2</sup>, a descrición da paisaxe e dos lugares máis próximos ou as experiencias poéticas que lle produciron as viaxes a outros países. Como nos lembra R. Schulak, 2003, 30, as súas numerosas obras “enfeitizan polas súas imaxes vivas e penetrantes no medio dunha natureza cambiante” e esbozan “a soidade da alma e a procura de dimensións sempre novas da existencia”.

Toda esta temática aparece con frecuencia nunha obra concentrada en tan poucos anos, sempre expresada con imaxes diferentes, novedosas e atrevidas, pero de maneira especial destaca algo que é inseparable da escritora, que a obsesiona na súa traxectoria poética. Refírome ó tratamento de dous temas irrevocablemente unidos: *terra* e *mar*. Ambos teñen unha presenza predominante e unha función determinada coma testemuñas evidentes da idiosincrasia da autora, que sente unha atracción total polo que eses dous termos significan e representan: a terra é Galicia e o mar é o Atlántico, o da *Costa da Morte* galega e, especialmente, o mar que contempla desde a súa vivenda na vila de Malpica. A dualidade destes dous termos aparece personificada ó longo de toda a súa poesía e os dous actúan inseparablemente. Esta dualidade de aspectos demóstralle ó lector unha “inmensidade poética”, na cal “paisa-

xe” (‘Landschaft’) é sinónimo de emoción, como sinala Al’ Leu, 2001, 278.

Nesta contribución quero profundar en primeiro lugar no tratamento da metáfora e no uso do concepto *azul*, referido a obxectos que por natureza presentan esta cor; despois tratarei outras figuras retóricas, como a aliteración e a onomatopea, para rematar co estudo dun recurso poético característico na pausa rítmica, que é o encabalgamento (abrupto ou suave). Para todo isto analizarei en catro poemarios clave a función e o determinismo da auga. Son os que levan por título *Atlantisches Tief* ‘Borrasca atlántica’ (2001), *Nachtbläue* ‘Azul nocturno’ (2001), *Schilfgang* ‘Randeeira de xuncos’ (2002) e *Das Meer aufgeschlagen* ‘Mar aberto’ (2006), escritos en alemán, mais nos que está presente sistematicamente a paisaxe e a temática galegas. Os catro libros son moi distintos, mais podemos dicir que se complementan, pois en *Atlantisches Tief* e *Schilfgang* dominan as referencias a Galicia, en *Nachtbläue* temos unha poesía máis íntima, sempre coa expresión de sentimentos, lembranzas e visión da paisaxe, e en *Das Meer aufgeschlagen* unha concentración de poemas de carácter amoroso.

## 2. A METÁFORA: FIGURA INSEPARABLE DA ESCRITORA

A escritora incorpora a metáfora como tropo (cf. Estébanez Calderón, 2000, 313-315) constante e dominante no seu camiñar poético, unha metáfora dominada por elementos ficticios, imaxinarios, para expresar desta maneira os seus sentimentos máis tenros e emocionais.

Ela xoga coa lingua, inventa palabras, retorce o seu significado segundo lle conveña e dependendo das necesidades imperantes esixidas polo verso. O resultado final é demostra-la equivalencia ou igualdade de dous termos diferentes.

Á metáfora simple ou complexa podemos engadir unha de segundo grao, que fai posible un xogo entre a metáfora antropomórfica e a aposicional.

Os elementos naturais (*Luft* ‘aire’, *Wolke* ‘nube’, *Wasser* ‘auga’, *Regen* ‘chuvia’, *Meer*

<sup>1</sup> Véxase, por exemplo, “du läufst / und stürzt / für dich / nicht / für die anderen / in die vergangenheit“ (‘ti corres / e precipitaste / para ti / non / para os outros / no pasado’, *Schilfgang*, 78), poema que leva a data “bensberg/köln 2002”: Bensberg, a cidade onde viviu, e Coloña, a cidade onde naceu e estudou.

<sup>2</sup> Cf. “ich trage sonnen / in die zukunfft / aus der vergangenheit / und wässere / die gegenwart” (‘levo soles / cara ó futuro / desde o pasado / e rego o presente’).

‘mar’, *Sand* ‘area’, *Stein* ‘pedra’, *Berg* ‘monte’, *Schilf* ‘xunco’, *Wind* ‘vento’, *Sonne* ‘sol’, *Nebel* ‘brétema’, etc.) desempeñan un papel fundamental e axúdana a sobrevivir na súa loita interior.

Unha das primeiras metáforas salientables é o tema de *Heimat* ‘patria’, metáfora que posúe un significado complexo e misterioso, un termo imaxinario contraposto a un termo real:

- (1) *Ich kann nicht los  
von diesem Ort  
‘Non me podo soltar / deste  
lugar’* (*Atlantisches Tief*, 19).

A noción de ‘Patria’ identifícase con Galicia, como ben describe nos seus versos, entendéndoa como unha ponderación desmesurada, como un país que a afoga:

- (2) *der meinen Tag erstickt  
‘que afoga o meu día’* (*Atlantisches Tief*, 19).

Pero simultaneamente un país que a fascina, como amosa a través dunha metáfora exclusivamente antropomórfica e coa axuda da personificación:

- (3) *Aus der Erde  
in die Erde  
rinnt mein Land  
Galicien immer  
und kein Ende  
gräbt das Ende aus  
‘Desde a terra / cara á terra / flúe o meu país  
/ Galicia sempre / e ningún final / escava o  
final’* (*Atlantisches Tief*, 15).

Noutras ocasións mitifica e personifica a metáfora, ponderándoa de maneira fantástica. O eu lírico e a metáfora unificanse:

- (4) *es ist in mir  
wie ich in ihm:  
Galicien  
‘Está en min / e eu nela: / Galicia’*  
(*Atlantisches*, 19).

Outra posibilidade é a expresión mediante unha metáfora complexa con dous termos antagónicos:

- (5) *Ins Land  
der Seele  
trete ich  
allein  
‘No país / da alma / entro eu / soa’*  
(*Nachtbläue*, 5).

Ás veces “Patria” pode se-lo seu propio futuro ou un próximo:

- (6) *Galicien  
deine Zukunft  
‘Galicia / o teu futuro’* (*Atlantisches Tief*, 13).

Pero a pesar dese amor-odio<sup>3</sup> para con este país, sempre expresa a súa afinidade e uns sentimentos de admiración e de ilusión por estar inmersa naquel lugar do noroeste peninsular, no cal a escritora se atopa a gusto, circunstancia que expresa polo uso dunha metáfora aposicional. O termo real (*Land* ‘país’) segue o termo metáforico e conclúe coa explicación da existencia do lugar:

- (7) *Was wäre wenn  
dies Land versäumte  
zu wissen  
da? es existiert  
‘Que pasaría se / este país esquecese / saber  
/ que existe?’* (*Atlantisches Tief*, 11).

O segundo motivo metáforico é o uso de palabras relacionadas co adxectivo *azul*. É de salientalo seu aprecio pola natureza, sobre todo, polas imaxes e as metáforas da auga, constantes nos seus poemarios. A auga dálle esa tranquilidade, esa harmonía, esa transparencia, ese pracer, ese medo que necesita. Se nos detemos neste motivo, determínase inequivocamente a procedencia da escritora e constátase cales son os lugares da súa predilección (*Regen* ‘chuvia’, *Träne* ‘bágoas’, *Wasser* ‘auga’, *Wellen* ‘ondas’, *Ozean* ‘océano’, *Atlantik* ‘Atlántico’). A autora ve o mar como unha nai e del emana todo. No mar hai vida: os seres nacen, reproducense e morren.

No primeiro deste grupo de poemas vese unha gradación moi lograda, na que combina estes elementos naturais e os leva a un clímax metáforico. Comeza con *Träne* ‘bágoas’ ou *Regen* ‘chuvia’, como en

<sup>3</sup> A contraposición entre o “amor” e o “odio” pola súa segunda patria aparece noutros moitos versos, como en “Galicien / Heimat” (‘Galicia / patria’, *Atlantisches Tief*, 38); “ich wachse grün / im Garten voll Galicien” (‘eu medro verde / no xardín cheo de Galicia’, *Atlantisches Tief*, 49); “quérote terra / nebelversteckt / ... / Fluchtpunkt Galicien / erwachter Traum” (‘quérote terra / oculta na brétema / ... / punto de fuxida Galicia / soño espertado’, *Atlantisches Tief*, 49); “kranke ich / an diesem Land” (‘sofro eu / neste país’, *Atlantisches Tief*, 35); “Dies Land wird / niemals / mein Gesicht / erkennen” (‘Este país / nunca / reconecerá / a miña cara’, *Atlantisches Tief*, 23); “Dies Land / in meinem Land. / Das nie mein Land” (‘Este país / no meu país. / Mais nunca o meu país’, *Atlantisches Tief*, 62), etc.

- (8) *im Regenintervall  
birgt Wimpernschlag  
mein Sehnen*  
'no intervalo da chuvía / esconde o pestane  
xo / a miña nostalgia' (*Atlantisches Tief*, 23).

Pouco despois a chuvía asóciase á propia dor,  
coa utilización dunha metáfora simple:

- (9) *regnet ein  
und unterm Dach der Schmerz*  
'Chove arreo / e debaixo do teito a dor'  
(*Atlantisches Tief*, 27).

As lágrimas, a tristeza apáganse e desaparecen  
levadas polas ondas:

- (10) *im Wellensturz*  
'no rompente das ondas' (*Das Meer aufges  
chlagen*, 67).

Ó final todo se converte nun mar ou océano  
mediante dúas metáforas antropomórficas, que  
personifican a figura humana:

- (11) *den ozean<sup>4</sup> in  
beiden händen*  
'o océano / nas dúas mans' (*Das Meer auf  
geschlagen*, 14).
- (12) *ozeane auf den Schultern*  
'océanos sobre os ombros' (*Das Meer  
aufgeschlagen*, 18).

Noutras ocasións menciónase ese Océano  
Atlántico que baña as costas galegas:

- (13) *atlantikstickerei*  
'bordado atlántico' (*Das Meer aufgeschla  
gen*, 15).
- (14) *atlantiknächte ohne tage*  
'noites atlánticas sen días' (*Schilfgang*, 59).

O mar e tódolos temas relacionados co seu  
contorno inducen e invitan a soñar. Este senti-  
mento de liberdade demostrase no emprego dou-  
tra metáfora, motivo de liberdade, vagloriado  
desde antano polo ser humano, simbolizado por  
medio de aves (a gaivota e o corvo mariño). No  
primeiro exemplo (15) mediante unha metáfora  
de segundo grao. Ó termo real (*Möwe* 'gaivota')  
ségueno dous termos metafóricos (o verbo  
*fliegen* 'voar' e o adverbio *entzwei* 'partido') e

no segundo caso (16) trátase dunha metáfora  
simple:

- (15) *Als Möwe  
fliege ich  
das Meer entzwei*  
'como unha gaivota / rompo o mar / voan  
do' (*Nachtbläue*, 70).
- (16) *der kormoran  
im wellensturz*  
'o corvo mariño / na caída das ondas'  
(*Schilfgang*, 67).

### 3. ALITERACIÓN: MUSICALIDADE SONORA NATURAL

As descrições do seu estado físico e anímico  
deixan entreve-la dualidade en que se move a per-  
sonalidade da autora, cunha nenez e grande parte  
da súa xuventude vivida en Alemaña e desde os  
27 anos xa inmersa totalmente na nova patria. Ela  
expresa os seus sentimentos de melancolía e de  
nostalxia, lembra os tempos que xa pasaron, todo  
o efémero que xa non existe, pero que perdura  
como coñecido e maravilloso no seu interior.  
Desta maneira xoga cos elementos naturais que a  
axudan nesta dobre vertente, característica que se  
reflicte nos seus versos, onde vemos un gusto  
polos artificios lingüísticos, que xorden a maior  
parte das veces de maneira espontánea.

A escritora observa a natureza: dela emana e  
absorbe todo o que necesita. Deixarse inspirar por  
ela é o seu mellor aliado: os sons das pedras, das  
aves mariñas, do vento, prodúcenlle unha sensa-  
ción acústica concreta (musicalidade) para enri-  
quece-lo significado dunha composición. Grazas  
ás figuras retóricas baseadas no son (cf. Díez  
Borque, 1990, 62), tales como a aliteración ou  
a onomatopea, descóbreanse as innumerables e  
infinitas sensacións acústicas (cf. Estébanez  
Calderón, 2000, 23) da natureza. Nos exemplos  
que seguen destaca a repetición do son *s*, ou deste  
son seguido de /*S*/, ou de /*S*/ combinado co *s*, que  
lle dá a este xogo literario un efecto susurrante,  
coma se do vento se tratase, tanto nos versos de  
*Atlantisches Tief* coma nos de *Schilfgang*:

- (17) *So soll es bleiben  
sagt sich die Zeit*  
'Que quede así / di para si o tempo'  
(*Atlantisches Tief*, 25).

<sup>4</sup> Unha liberdade literaria da autora que se reflicte en máis dun exemplo.

(18) *mit vorbehalt*  
*das schweigen*  
 ‘con reserva / o silencio’ (*Schilfgang*, 70).

(19) *Stra?en laufen*  
*spurlose Schritte*  
*zielgelenkt*

*Einsamkeit steinigt*  
*den Herzschlag*  
*der Stadt*<sup>5</sup>  
 ‘As rúas corren / pasos sen rastro / cara á  
 unha meta / A soidade apedra / o latexo / da  
 cidade’ (*Atlantisches Tief*, 8).

Debido ó uso da aliteración, no seguinte exemplo, a repetición do son *w* induce a pensar que a autora pensaría nunha metáfora natural, no ir e vir das ondas:

(20) *Woher wohin*  
*wenn wimmert es*  
 ‘de onde, a onde / a quen lle interesa’ (*Das Meer aufgeschlagen*, 6).

#### 4. ONOMATOPEA: EFECTO SUSURRANTE

Noutros versos atopámonos con onomatopeas (cf. Estébanez Calderón, 2000, 377), que, en palabras de Díez Borque, 1990, 62, “imitan sons reais, ruído de movementos ou de accións mediante os procedementos fonéticos da lingua”.

Nos seus versos aparecen palabras cunha simboloxía especial e característica: verbos, adxectivos ou substantivos, como, por exemplo, *murmeln* ‘murmurar’, *frostig* ‘xeador’, *duft* ‘aroma’, exclusivamente específicos do mundo natural.

#### 5. O ENCABALGAMENTO: NECESIDADE VOLUNTARIA E ANHELADA

Da metáfora despréndense outras formas e recursos poéticos que lle dan maior rapidez e movemento ós poemas (como o encabalgamento), tendo en conta, como sinala Alarcos que “no poema coexisten dous ritmos: o puramente lingüístico da sintaxe e o ritmo do verso [...]. Fai máis breve a pausa versual, substituíndoa pola sintáctica” (en Marchese/Forradellas, 1991, 118).

Mediante o encabalgamento descubrimos na autora unha axilidade temporal e unha versatilidade que lle dan vivacidade e frescura á temática dos seus poemas, e non debemos esquecer que o elemento marítimo predomina na súa literatura, pois o mar aparece como o seu constante e intrépido compañeiro de viaxe e por el sente devoción e paixón. O poder e a forza lingüística do encabalgamento abrupto ou suave prevalece nos seus poemarios e utiliza este recurso conscientemente, particularidade que se ve favorecida polo uso moi frecuente de versos con poucas sílabas, sobre todo en *Nachtbläue* e *Schilfgang*.

A diversidade literaria plásmase nas súas páxinas, nas que atopamos unha alternancia e unha variación segundo as necesidades. Unhas veces o encabalgamento é abrupto, para destruí-la lóxica na pausa gramatical e rítmica do verso antes de concluí-lo seguinte; outras é suave e nel prolóngase a pausa do verso de maneira sutil, polo que podemos apreciar a súa beleza sensual e formal, coa eliminación da pausa sintáctica. Nos seguintes exemplos vémo-la forza dos seus pensamentos por medio do encabalgamento abrupto, que posibilita, en ocasións, a liberdade expresiva do eu poético e o seu estado anímico, e facilita nun momento dado a posibilidade de provocación:

(21) *auf keine*  
*seite gesetzt*  
 ‘en ningunha/parte colocado’ (*Schilfgang*, 80).

(22) *und jahr auf*  
*jahr gehäuft*  
*zu einem*  
*schattensein*  
 ‘e ano tras / ano amoreado / para unha /  
 existencia sombría’ (*Schilfgang*, 81).

Dúas constantes que inquietan á poeta ilustranse mediante os sustantivos *Trost* ‘consolo’ e *Liebe* ‘amor’, antagónicos, pero intrinsecamente inseparables. O estado contemplativo, triste da autora vendo o mar vese reflectido de maneira notoria. Grazas a este encabalgamento o lector pódese parar a apreciar os seus sentimentos:

(23) *Wenn es den Trost*  
*der Liebe gäbe*  
 ‘Se existise o consolo / do amor’  
 (*Atlantisches Tief*, 11).

<sup>5</sup> Lembremos que o /S/ en alemán se escribe coa grafía *sch* ou con *s* cando vai diante de determinadas consoantes (como nesta cita en *Stra?en*, *spurlose*, *steinigt* e *Stadt*).

O seguinte exemplo é máis complexo e, como a escritora non pon puntos nin comas, require un esforzo especial para comprende-lo poema. Nel o uso do encabalgamento é xeral e mesmo xoga coas palabras, coma no caso de *auf*, que ten dúas funcións, pois, por unha banda, forma parte do verbo *aufdrücken* e, por outra, é unha preposición na frase *auf falschen Wege*:

(24) *und träumt die Strömung*

*tief die Steine laufen  
ein und drücken sich  
dem Fisch ans Herz auf*

*falschem Weg wärmt  
sich das Licht  
den Eisstaub von der*

*Stirn es läßt  
den Tag nicht kalt*  
‘e soña a corrente / profundamente. As pedras encollen / e apértanse contra / o corazón do peixe. No / camiño errado derrete / a luz / o po xeado da / testa. Non deixa / frío ó día’ (*Atlantisches Tief*, 24)<sup>6</sup>.

Os encabalgamentos suaves orixinan unha pausa máis lenta, na cal se contempla o poema dunha maneira menos formal. Isto podémolo ver en dous exemplos que ilustran unha idea por medio de dous versos, sen esforzos lingüísticos nin estilísticos:

(25) *und ohne*

*Punkt und Komma*  
‘e sen / punto e coma’ (*Schilfgang*, 25).

(26) *ein Lebenlang*

*bezahlen*  
‘unha vida enteira / pagar’ (*Nachtbläue*, 40).

Outro exemplo escollido é, quizais, un dos máis destacados, caracterizado por un encabalgamento suave. Nel volvemos encontrarnos cunha idea, un desexo anhelado, descrito comodamente en dous versos, sen artificios lingüísticos:

(27) *Streiche ich salz*

*auf meine haut*  
‘unto sal / na miña pel’ (*Das Meer aufgeschlagen*, 15).

A utilización de versos curtos favorece o uso do encabalgamento e dálle ó poema unha lixeirza e unha axilidade notables, como se ve en

(28) *im Raum*

*gefangen  
du und ich  
du und  
du und  
nicht mehr  
du*  
‘atrapados / no espazo / ti e eu / ti e / ti e / xa non / ti’ (*Nachtbläue*, 61).

En resumo, é posible afirmar que a forza da lingua e da palabra imperantes na escritora poden converterse, como ben indica Siepman, 2002, 83, en “perigo. O que se dixo unha vez faise independente e sobre o mar das palabras non se coloca ningunha ponte”.

<sup>6</sup> Puntuo na tradución para que se vexa como se debe interpreta-lo poema.

## 6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

### Obras da autora:

- HEINZE DE LORENZO, Ursula (2001): *Nachtbläue*. Gernsheim: Ostwind Verlag.  
 ——— (2001): *Atlantisches Tief*. Mainaschaff: Verlag Edeltraut Gallinge [edition eigensinn, band 39].  
 ——— (2002): *Schilfgang*. Gernsheim: Ostwind Verlag.  
 ——— (2006): *Das Meer aufgeschlagen*. Berlin: Aphaia Verlag.

### Bibliografía consultada:

- BUBMANN, Hadumod (<sup>3</sup>2002): *Lexikon der Sprachwissenschaft*. Stuttgart: Kröner.  
 DíEZ BORQUE, José María (<sup>17</sup>1990): *Comentario de textos literarios. Método y práctica*. Madrid: Playor.  
 ESTÉBANEZ CALDERÓN, Demetrio (2000): *Breve diccionario de términos literarios*. Madrid: Alianza.  
 GLÜCK, Helmut (<sup>3</sup>2005): *Metzler Lexikon Sprache*. Stuttgart: Metzler.  
 LEU, Al' (2001): “Topographie der Emotionen”, *Harass. Die Sammelkiste der Gegenwartsliteratur aus dem Sängerland*, ano 5, nº 12, Dozwil TG (Suíza), Edition Signat(h)ur, pp. 278-279 (recensión do libro *Atlantisches Tief*).  
 MARCHESE, Angelo / FORRADELLAS, Joaquín (1991): *Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria*. Barcelona: Ariel.  
 POMINO, Natascha / ZEPP, Susanne (2004): *Hispanistik*. Paderborn: Fink.  
 REYZÁBAL, María Victoria (1998): *Diccionario de términos literarios*, 2 vols. Madrid: Acento.  
 SCHULAK, Rosemarie (2003): “Rezension zu: Ursula Heinze de Lorenzo: “Schilfgang”. Gedichte...“, *Zenit. Zeitschrift für Literatur und Kommunikation*, ano 16, nº 2, Wien, HTU Wien (Kopitu), p. 30.  
 SIEPMANN, Helmut, “Zur Lyrik von Ursula Heinze de Lorenzo“, en Ursula Heinze de Lorenzo (2002): *Schilfgang*. Gernsheim: Ostwind Verlag, pp. 82-83.  
 STENZEL, Hartmut (2001): *Einführung in die spanische Literaturwissenschaft*. Stuttgart: Metzler.  
 STROSETZKI, Christoph (<sup>2</sup>2003): *Einführung in die spanische und lateinamerikanische Literaturwissenschaft*. Berlin: Schmidt.

### Índices electrónicos:

- [http://es.wikipedia.org/wiki/Úrsula\\_Heinze](http://es.wikipedia.org/wiki/Úrsula_Heinze) (31-7-2006).  
<http://www.amigosdelibro.com/autores/heinze.htm> (31-7-2006).  
[http://www.mujePalabra.net/bibliotecademujeres/descargas/catalogo\\_escritoras\\_espanolas/Lit\\_Galega.doc](http://www.mujePalabra.net/bibliotecademujeres/descargas/catalogo_escritoras_espanolas/Lit_Galega.doc) (31-7-2006).  
[http://www.radu-barbulescu.de/arhiva-archenoah/arche2000\\_1.htm](http://www.radu-barbulescu.de/arhiva-archenoah/arche2000_1.htm) (31-7-2006).  
[http://www.9isles.com/writers/author\\_ursula\\_heinze\\_de\\_lorenzo.shtml](http://www.9isles.com/writers/author_ursula_heinze_de_lorenzo.shtml) (31-7-2006).  
[http://www.9isles.com/writers/poem\\_poem\\_1.shtml](http://www.9isles.com/writers/poem_poem_1.shtml) (31-7-2006).  
[http://www.xerais.es/cgigeneral/ficha\\_autor.pl?id\\_autor=112811&id\\_sello\\_editorial\\_web=13](http://www.xerais.es/cgigeneral/ficha_autor.pl?id_autor=112811&id_sello_editorial_web=13) (31-7-2006).